

ADXUDICACIÓN

A Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 12 de abril de 2013, acordou a ADXUDICACIÓN de dito servizo ao restaurante “Casa Taboada”, por un importe de 20,90 euros por comensal (19 euros prezo sen IVE, mais 1,90 euros en concepto de IVE ao 10%), sendo de 25.080 euros (IVE incluído) o orzamento máximo previsto para este evento.

O contrato formalizarase en documento administrativo dentro dos quince días hábiles seguintes ao de recepción da notificación da adxudicación.

FORMALIZACIÓN

En cumprimento do disposto no artigo 154.1 da Lei 3/2011 de 14 de novembro, de contratos del Sector Público, a través do presente anuncio faise pública a formalización do seguinte contrato:

Tipo de contrato: servizos.

Denominación: Servizo para a celebración da “XVII xuntanza dos nosos maiores”

Organo de contratación: Xunta de Goberno Local

Procedemento de adxudicación: negociado sen publicidade

Tramitación: ordinaria.

Orzamento de licitación: 25.080 euros (22.800 euros prezo sen IVE máis 2.280 euros en concepto de IVE ao 10%) sendo o prezo máximo por comensal de 20,90 (19 euros prezo sen IVE máis, 1,90 euros en concepto de IVE ao 10%)

Data de adxudicación: 12 de abril de 2013

Adxudicatario: Restaurante Casa Taboada

Importe de adxudicación: 20,90 euros por comensal (IVE incluído).

Data de formalización: 15 de abril de 2013

Prazo de execución: sábado, día 20 de abril 2013

Data publicación formalización: 16 de abril de 2013